

Ref.: 2024-MG-2-M

RESOLUCIÓN REITORAL, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO 3º CONCURSO PÚBLICO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR. CURSO ACADÉMICO 2025-2026 (María Goyri).

Consonte ao disposto na base 4 da convocatoria do 3º concurso público para a provisión de prazas de profesorado axudante doutor, curso 2025-2026 (2024-MG-2-M), convocado por esta universidade mediante Resolución reitoral do 22 de setembro de 2025 (publicado anuncio no DOG do 25)

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer pública no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo a **relación definitiva de persoas admitidas e excluídas** (lista alfabética e lista por referencias) no 3º concurso público para provisión de prazas de profesorado axudante doutor, curso 2025-2026 (2024-MG-2-M) na Universidade de Vigo.

Consonte establece o punto 2 da base cuarta da convocatoria, as reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas enténdese resoltas coa publicación desta lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor,
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A VICERREITORA DE PROFESORADO, E ORDENACIÓN ACADÉMICA,
(asinado dixitalmente)

- Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo

